



BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 17

Redacción

e administración:

CANTÓN GRANDE, 16

BAIXO

A CRUÑA

30 DE ABRIL

DOS NOVOS PENSADORES

PROCEDIMENTO DESCENTRALIZADOR

BENAVENTE dixo n'unha crónica publicada no Nuevo Mundo que as tendencias descentralizadoras levaríannos a dividirenos en tribus. Aquel dramaturgo é optimista d'abondo. Non imos dividirenos en tribus, senon que xa estámolo. Divídeunos quen fixo d'España 47 anacos ou retales e puxo ó frente de cada un a un señor con xeito europeo, pro en cuia alma latea un negro con taparrabos, tres prumas na testa, a cara tatuada, o corpo dobregado pra diante, o fitar fixo e n'as mans unha espingarda—ouseguio do Poder Central—disposto a disparar contra de quen l'ordene seu señor.

Contra d'esta pulverización dos elementos constitutivos da nacionalidade temos d'ire por medio do que eu chamo centralismo-descentralizadore. No orden municipal, suprimindo Auntamentos, pra que cada tres ou catro cativos s'afundan n'un robusto; organizando a carreira de segredarios municipás ó xeito da xudicial; restándolles facultades ós alcaldes—que nin por milagre han sere de Real orden—no refrinte á ordenación de pagos de funcionarios e en todo o que faiga relación co'a técnica burocrática (1).

No orden provincial afundindo en catorce ou quince as Deputaciós hoxe eisistentes e tro-

cando por compreto o cárrego de gobernador c'o fin de que non poida sere desempeñado por ealquer zampabolos, e pra que perda todo carácter político, e, pol-o mesmo, a movilidad, convertíndose n'un verdadeiro xefe administrativo.

Pro díredes, Municipios e Deputaciós eist haberán de ter maior liberdade no seu desenvolvemento, mais alongadas facultás. ¡E natural! Estas teñen de gardar proporción c'a capacidade. Oxe os Municipios pequenos e a maior parte das Deputaciós, enxendro e cova do caciquismo, carecen d'ela: en tal situación otorgarlles alongadas facultás ficaría sendo perigoso. Fáigao paseniñamento o Goberno central, e a medida que vayan amostrando capacidade, otórgueselles libértá amplia, coma fai Inglaterra. Non é posibel establecer un criterio igoalitario de primeira intención: a igoaldá consiste en tratar desigoalmente ós que son desigoales.

Abunda n'esta opinión Mactas Picavea, ó dicir. «A autonomía non se ten de decretare por patrón úneco, senon que se fará xurdir por grados según a preparación e situación presente de cada rexión, habendo algunhas coma o país vasco e Cataluña que quizais poderán exercela compreta ou pouco menos dende logo; outras coma Valencia, Asturias e Aragón, intermedia en algo mais ou menos; outras, finalmente, coma Andalucía e as Castelas soyo inicial. E teñase en conta que unha lixeireza n'este punto puidera empiorar

a situación e até enraigar un caciquismo local do mais cativo xeito, si se poñía nas mans d'un menor ou non preparado un dereito pr'ó que non s'hachasen capacitados».

LUIS PORTEIRO GAREA.

N. da R.—Galicia, fica tan esvaída no conxunto español, que, inda tendo persoalidade tan difinida, non conta pra nada nos pensamentos do gran Picavea.

O GALEGUISMO EN MADRID

AURELIO RIBALTA

O EXEMPLO d'este home, ten de poñerse sempre por diante. E un dos poucos casos d'immidade pr'ó virus do centralismo. Loitador barudo, apostol da enxebreza, non se dobrega endexamais. E unha forte vountade ó servicio d'un corazón grande e d'unha cabeza chea de cultura.

Dende rapaz, cultivou noso idioma. Abogado, filólogo, poeta, xornalista, catedrático, en relación ás veces con outros persoaxes políticos, nunca tivo vergoña de falare en galego. Pra él o emprego do galego é cousa esencialísima.

Fixo en Madrí o boletín «Estudos Galegos.» O boletín foi orgo d'unha xuntanza d'enxebres que se nomean da mesma maneira.

Xa sabedes o que é hoxe «Estudos Galegos:» unha seición mais ante as do Ateneo madrileño. Pro unha seición feita, a forza de vountade e sacrificios, que brila tanto coma calquera outra das d'aquela douta casa sin tere suvenciós de moitas mileiras de pesetas, cal a teñen as outras.

(1) S6bor da organización municipal e reformas urxentes que eisixe en España, principalmente en Galicia, véxase miña conferencia «Aición do caciquismo rural» pronunciada no Ateneo de Madri e publicada na revista La Palabra, número 14.

Aurelio Ribalta, o mestre Ribalta, a quen todol-os bos galegos temos de lembrar sempre con fondonísimo agarimo e gratitude, na sua cátedra d'«Estudos» ten trinta e tres matriculados, amén de moitos máis que non s'apuntaron nas listas. Todos escoitan con grande intrés suas leiciós sóbor da persoalidade filolóxica de Galicia, pois si escribe ben, e pensa ben, fala millor.

Cando fique o curso, imprimirá tan notabres conferencias, que ningún «Amigo da Fala» pode deixar d'adequirire.

Pro Ribaltá é incansabel. Non abondán-dolle tan outa e patriótica labore, inda pensa en faguer no Ateneo unha Esposición d'arte galego, alá pol-o outono.

Xa conta con corenta cadros, moitos d'importancia, *estudos de paixaxe da terra*, que levarán ô pe as auténticas dos recunchos que «retratan.»

¿E non merece gabanzas este home? ¿E non é carraxento, non produce xenreira o esquecemento que pra él y-a sua santa labore galeguista teñen os xornás de Galicia? Si non se l'estimula a él, ¿a quen temos d'estimulare?

Don Aurelio, noso mestre, ¡adiante! Sei-pa que no seo das Irmandades da Fala o seu nome ven escrito con lume d'amore, antre latexos de gratitude y-admiración fervente. Vostede é dos escolleitos, dos que levan unha estrela no peito e un cantar nos labios, alleo ôs ouveos dos cans.

SUSCRICIÓN PRA NOSA BANDEIRA

	Pesetas
Derradeira suma	8'75
Sra. María Deus de Faraldo	2
Srta. Amalia e Ramona Tettamancy	1
» Teresa Chao	2
» Xosefa González	1
» Lolita Blanco	1
» Margarita Siflariz	1
» Avelina Guillermé	0'50
» Ramona Pavon	0'50
» Mercedes Pavon	0'50
» Mary Pardo	1
» Anxela Fernández Mourifio	1
Por xunto	20'25

Pra os Amigos da Fala

O próximo día 6, domingo, iremos a Carral «Os Amigos da Fala», c'o ouxeto de facer un auto d'homenaxe, que sirva ô mesmo tempo de porpaganda das nosas ideias, ôs mártires da liberdade galega que alí fonon fusilados.

Depositáranse froles no moimento e na tumba de Solís e seus compañeiros e faráse ademais un mitin.

E comenente que se sumen ô auto patriótico, no que terá representación Compostela, o maior número d'irmáns.

Pra enteirarse do xeito do viaxe, terán os que desexen facelo, perguntar na Academia Galega, de oito a nove da noite, a cotío.

¡Galeguistas, á dar fe de vida!

LÓSTREGOS

CAMBÓ SINTEUSE EN MADRÍ

Pra o bon irman D. Dámaso Calvo, pol-o valente artigo rexionalista publicado no xornal «El Noroeste.»

CAMBÓ, o leader do nazionalismo catalán pronunciou en San Sebastián un valente e baril discurso, que fixo magoaduras en Madri. Foi o primer tiro de resbalón que recibiu o centralismo rozándolle algo máis que o pelexo. O *Heraldo de Madri* eisí o dou a enxerguer nas suas columnas, ô layarse e pedir ô goberno qu'empregue man de ferro sobor os porpagandistas do nazionalismo, que según o tal xornal, non é outra cousa que un encuberto *soparatismo*.

Tiña de ser. Cataluña regando oia, eras unha cantilena de tolos. Loita agora por cantar a dúo con Baskonia, e os tolos xa son dous. Mais tarde cantarán en trío con Galicia, e han ser tres... Un trío, ¡xa pode cantar algo... O *Heraldo*, pregoeiro da meseta, defensor da vila-cova onde cobíxanse os mandarins prohombres da España clásica, cúrase ou pertende curarse en saúde, ¡Paréceme tarde!

Os movementos *nazonalistas* de Cataluña, Baskonia, e os nades de Galicia, teñen de ir por forza prôcupando a Castela. Non â Castela hirman que percisa no que toca â vida rexional un troque de réximen de goberno coma o percisamos nosco, sinon â Castela madrastra que cifra as suas esperanzas nazonales, nun bon serán do Galo, nun mal paso da Chelito, ou nun bon paso do coxo. Os tres soles da España chulesca que brillan con lus propia: o coxo o da mañan, o Galo o do serán, a Chelito o da noite.

Cataluña, Baskonia e Galicia, mentras o corazón d'España, podre de vello e morto por consunción, busca inhieicións de vitalidade nas fortes e salvaxes emocións de un circo taurino qu'é circo de morte, buscan elas no probrema europeo da fundazón de nazonalidades qu'é circo da vida, inhieicións de morte pra o cáncer centralista que ô roer as entranas d'España, roe tamén o enxendo Iberia que leva no seu seo. Iberia da que debemos coidar que non morra en embrión ou nada morta. Iberia que a salvando salvaremos a vida e prosperidade das rexións ou nazóns que a compoñen, e a non salvando, salvaremos soamente a cativa e noxenta vida da España centralista de touros e pandeireta.

O noso *soparatismo*, pese ô *Heraldo*, é lóxico, benfeitor. patriótico. Soparándose as nazóns ibéricas espritoalmente; vivindo nunha compreta independencia gobernadas por sí mesmas, teñen de rubir económicamente com'a escuma, por souber onde teñen as doenzas pr'apricarilles o remedio, coma na cibdade o veciño, o industrial e o comerciante, souben millor que o auntamento o que fai falla pra encauzar pol-o camiño da prosperidade, sua casa o pirmeiro, sua industria o segundo, e seu comercio o terceiro.

Ninguén pode dubidar os difrentes usos e costumes que teñen entre sí as nazóns que compoñen a carranclenta España; ninguén pode dubidar que isos usos e costu-

mes i en algunhas d'elas a fala, son fronteiras feitas pol-a natureza, mais difinidas, concretas e infranqueabres, que as feitas pol-os homes co-un trazo imaxinativo á capricho e vountade das nazóns mais fortes. A mostra témola en Polonia. Dende fai mais de un século borradas foron as suas fronteiras, e repartido o seu territorio entre Rusia, Austria e Prusia, pra maior gloria dos tres imperios e oprobio da civilización. Polonia coma nazón desapareceu do mapa, mais a Polonia espritoal, a gardadora da i-alma tradizional polaca, vive sempre; vivirá irredenta, agriloada, escrava, mais latexando de cotío baixo os xugos imperiales, co-a esperanza de *volver a ser* coma será, si mañan o imperio dos zares co-a borrachera do trunfo, non deixa de cumprir o que lles offerceu en mouros dias de loita e de perigo nazonal.

Logo, España, é un conxunto de nazóns con fronteiras de abondo ben marcadas, e pol-o tanto non é un pobo composto de unha mesma familia. Eisí que o *soparatismo* de que fala con espanto o *Heraldo*, atópase feito e non é mester faguelo. *Soparatismo* que non leva outra maldade drento de sí, que unhos deseios lóxicos e xustos, de que se reconozca oficialmente o que de feito e direito xa é.

Cálmese, serénese, vólvalle a tranquilidade ô corpo ô *Heraldo* e co-él a Castela. Os *nazonalistas* non pertendemos sopararnos das nazóns irmans, e faguer d'España un novo territorio balkánico. Noso ideial é erguer nosas nazonalidades â outura das alemanas, e faguer de todas xuntas, unidas mais que agora, unha forte unidade ibérica pol-o xeito da confederazón xermánica—sin a odiosa mancha do militarismo—a suiza, ou a d'América do Norte.

Adiquen o *Heraldo* e demais xornaes de Madri as suas columnas e o tempo que perden en falar das corridas de touros ôs pobremas nazonales, e farán ante o pobo que pensa dos Piríneos pr'arriba e non do Estreito pr'abaixo, labor sana, digna e patriótica. Ise é o xeito de faguer patria. Non, consultando as vidas e milagres de dantzantas, toureiros, e coupletistas por un *Caballero Audaz* qu'endexamais tivo a occurrenza de faguelo con Cambó, que camiña direito, sin torcerse, pol-o sendeiro de unha nova eira de pograma, de libertade, e de xusticia.

Mais si o leader do nazionalismo non apareceu consultado nos ilustrados, non lle pese nin por iso desmaie. Abóndelle souber a Cambó que sin ser danzante, síntese o at dos seus xiros vertixinosos; sin ser toureiro, produciu escalofríos seus arrestos e valentías; e cantando agás que un grilo, ascójtanse no corazón de Castela coma berros de un pobo esfameado, canso d'escravitudades, suas lexanas notas *nazonalistas*.

RICARDO CARBALLAL.

O MARXEN DA MUNDIAL TRAXEDIA

FROITOS DO ILLAMENTO CASTELAN

Todol-os movementos descentralizadores que surxen nas diferentes nazionalidades que constituyen o actual Estado español teñen e terán sempre a oposición mais firme e rotunda de Castela, enxerguándose por Castela n'iste caso as terras ermas, cegas, sin outro contauto material cò mundo civilizado que o recibido a través da España europea, a periférica de que falou Costa. A mesma condición xeográfica da Meseta impón por ley natural a oposición nomeada. É o criterio absurdo do illamento e da reconcentración d'enerxías n'un punto central, o fitar de fora a dentro, o geocentrismo de terra cegada, de páramo sin ollos que otean o chan azul por onde corren e espállanse as enerxías civilizadoras d'uns continentes a outros, o que fai alcontrarse e contrapôrse os intereses de Castela, a terra sin fenestras que ollen ô mundo, e os das mais nazionalidades ibéricas, que ollan na axitación do mar que bica as suas costas—oposición ô quietismo da Meseta—com'unha invitación ô ingreso no concerto dos pobos libres e civilizados.

Com'unha enorme sugadora apregada no corazón da Iberia, que nin un soyo momento deixase de aspirar, eisí a outa meseta castelana aspira día tras día os esforzos que pra redimírense fan as terras periféricas. É a loita eterna do tradicional, do arcaico e ancestral, contra o novo e progresivo. É a regresión representada por Castela e a arela de xurdimento que latexa nas nazionalidades costeñas. Aquelo é o idealismo valeiro d'unhas grorias históricas d'ouropel; isto é a realidade que non pode vivire de lembranzas e necesita feitos positivos, prácticos, puleando si é perciso por derriba da Hestoria sin preocuparse pra nada de fútiles devaneos arqueolóxicos. Hay que lembrar a frase aquela: «Deixemos ós mortos que enterren ós seus mortos» e d'acordo con ela obrar. Castela é peso morto qu'a fatalidade arroxo sobor das nosas costas. Si temos de seguire o camiño que debemos e podemos seguire é perciso sacudire cáregas inútiles, o contrario sería acomodar o noso paso xuvenil ô d'unha vella caduca e doente y-eso non sería soyo absurdo, sería imbécil.

Indubitabilmente qu'a situación da Meseta, situación de terra aprisioada, afogada, de terra sin ollos, contribuyéu total ou casi totalmente á formación da concencia nazional castelana; a sua mesma posición de terra erma e soya frente as terras costeñas que fitan ô mundo debeu facer turbio e receloso o seu ollar hacia elas, e de ahí a fosquidade e a soberbia enfatuada do centro, sober-

bia e fosquidade qu'esprican como en vez de servire Castela pra axuntar e hermanar ás nazionalidades ibéricas, sirvéu pra todo o contrario, trocándose de núcleo armonizador en desprezible asento de soberbia e de chufona tiranía. A sua soedade, aquela soedade abafante que fixo escramar a Maragall en versos cheos d'evanxélica compasión:

«Soya, soya en medio dos campos
terra adentro, ancha é Castela
e está triste, porque soyo ela
non pode ver os mares lexanos»

da a crave de total-as reaciós castelanas, non soyo contra os intentos descentralizados, sinón tamén contra todol-os esforzos que tendan á aproximación a Europa. Coma afirma Unamuno, a soedade de Castela, terra adentro, aislada e cega, produxo na yalma dos pobos da Meseta unha certa conceición robinsoniana, en virtude da cal creen abundárense a si mesmos, satisfacéndose na insociabilidade do seu illamento. Ista conceición robinsoniana, expandíndose do centro á periferia, condicionou a concencia de todol-os pobos peninsulares—esceituamos a Portugal, onde a independenza política sirveu de suero inmunizante pr'os aires castelans—determinando n'ela un desexo de illamento e de renunciación pra todo o estrano, illamento e renunciación que tan ben esprican as tristes vergoñas da nosa hestoria

común, da chamada Hestoria d'España.

Soyo un criterio e unha orientación, os castelans, trazaron normas e impuxeron leis na Península até o momento presente, e de ahí o atraso, a marcha negativa o continuado recuar do noso organismo d'Estado. O imperativo de terra adentro, de estepa e páramo, foi a *suprema lex* do proceso histórico peninsular, y-eisí, de tumbo en tumbo fumos chegando até o decisivo momento da revolución que actualmente commove ô mundo, revolución que nos sorprende no *nirvana* fatal en que cinco séculos d'artificiosa unificación, a base de hexemonía castelana, nos sumiron.

Mais non importa; os tempos fuxen e se suceden con vertixinosa rapidez no presente momento histórico. A hora da liberazón das nazionalidades apreixas é algo que s'avecifia entre o estroncio das bocas de fogo e os regueiros de sangue dos mártires da redenzón mundial. Até os mais poderosos balados d'opresión virán por terra. Unha forte corrente de solidariedade universal fará sair do seu illamento ainda aqueles pobos que até o d'agora mantuvéronse dentro de si mesmos A muralla da China con que o senso paramérico da Meseta arrodeou á Península ibérica ten os seus días contados, e cando ises días cheguen o sentimento de terra adentro veráse substituído por un novo sentimento de expansión e cordialidade nacido d'autonomía integral das distintas nazionalidades que compoñerán a magna Iberia do porvir a cotío de car'ò mundo, non como até eiquí de car'á si mesma.

RAMÓN VILLAR PONTE.

DO NOSO GRAN POETA

¡EN PÉ!

Para Luis Porteiro

¡Hirmáns! En pé, sereos,
a limpa frente erguida,
envoltos na brancura
da luz que cai de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga
e n-unha man a fouce
e n-outra man a oliva,
derredor da bandeira azul e branca,
derredor da bandeira da Galicia,
cantémol-o dereito
á libre, nova vida!

Validos de treidores,
a noite da Frouseira,
a patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas pol-o tempo,
xa afloxan as cadeas...
¡Hirmáns asoballados
de xentes extranxeiras,

ergámol-a bandeira azul e branca!
¡Y-ó pé da enseña da nación galega
cantémol-o dereito
á libertá da Terra!

Hirmáns no amor á Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡en pé, dispostos
a non morrer sin loita!
¡O día do Medulio,
con sangue quente e roxa
mercámol-o dereito
á libre, honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
¡A oliva n-unha man, a fouce n-outra
berremos alto e forte:
¡A nosa Terra é nosa!

R. CABANILLAS.

(Do libro *Da Terra Asoballada*, poesías de loita, que sairá a primeiros de Maio e que ten de seré un éxito de librería.)

EN PONTEVEDRA

HOMENAXE EN PROYECTO

AXIÑA se fará na ferriñosa cibdade pontevedresa unha solene festa d'homenaxe a un ilustre fillo da terra galega: á Victor Said Armesto.

Este polígrafo malogrado, este home de ben que iba camiñando pol-o mesmo camiño que Menéndez Pelayo, é merecente da lembranza que se proyeita.

Said Armesto non era soyo un erudito era tamén un escritor galano, un poeta ispiradísimo. Era un galego nado pra sere cume d'unha época.

El rehabilitou pra España a figura de «Don Xan» n'un libro maxistral que puido salvar co'as áas do xenio as fronteiras peninsulares. El dou á escena un poema fermoso sinxelamente nomeado «A Frole d'a Agoa.» El conquireu a cadeira da cátedra de Lingoa e literatura galaico-portuguesa da Universidade Central, por propio merecemento. E finouse novo aínda, deixando un fogar garimoso na pobreza.

Pontevedra, agora, vai onorar a lem-



† VICTOR SAID ARMESTO

branza do seu fillo ilustre c'unha festa na que leráse unha loubra de Benavente e outra de Conrado do Campo. E nos decímol-o cheos de ledicia.

deixamos escritos? Son d'hommes de cultura, d'hommes de ciencia e de letras, conecidos na rexión.

Eles, redaitaron xa o regramento polo-que ten de rexírese aquela Irmandade. E un regramento modelo, de xeito rexionalista integral.

Axiña farán o primeiro auto púbrico que ha consentire quizais n'unha conferencia, en galego, dende logo, no *Círculo Mercantil*, a cárrego do conselleiro 1.º, Xaime Quintanilla, tan boo médeco, coma escritor e oradore.

* * *

Din alí que o ben e o mal, nunca veñen soyos. E parece certo, porque en Vigo, na culta e moderna cibdade galega, tamén axiña ficará constituída a Irmandade. Vigo que dou exempro en moitas cousas, n'esta tan esencial non podería quedárese atrás.

¿E en Lugo, na cibdade enxebre, sempre tan galega, d'hestoria groriosa, esquence-ránsse agora de que chegou a hora de cumprir cada un c'o seu deber patriótico?

Aqueles boos dependentes do comercio...

Dous escritores enxebres agasallados

Noso querido amigo e colaborador Xan Plá Zubiri acaba de publicar un poema galego, nomeado *A Tola de Covas*. Trátase d'un libro merecente d'estudo. O parecer, é do mais compreto n'a quela clás de traballos poéticos que se ten feito en Galicia. Pro nos até agora soyo limos anacos d'él que sairon na imprensa. Cando leámol-o libro, adicaremoslle un xuicio sinceiro e compreto, no que poida sere. Xan Plá, e un dos boos poetas de Galicia, e esto constituyete pra nos garantía d'acerto na sua derradeira obra, que é obra de maturidade.

Pra festexar o novo trunfo literario do noso amigo, fíxose na Puebla de Trives, onde ten sua residencia, un xantar que resultou solenísimo. A él concurriron mais d'oitenta admiradores do poeta. As adesiós recibidas, que leu o intelixente mestre don Emilio Nietó Muro, foron moitas: de Madri, de León, d'Ourense, de Maceda, Laroco, Viana, de Rio, etc. O alcalde de Viveiro, pobo no que foi nado Xan Plá, dirixeu un xusto saúdo.

O remate do xantar houbo brindis mui elocuentes. Fixo o ofercemento o alcalde da Puebla D. Aurelio Tabares. Faláron logo D. Dictino Gonzálcz e o anfitrión.

D. Isauro Alvarez leu o prólogo d'*A Tola de Covas*, que está feito por Rey Soto.

A marquesa de Trives enviou un *bouquet* de caraveles, y-o marqués de Castellanos unha carabela de postres finos. Aquel *bouquet*, foille adicado á nai do poeta.

Entre as adesiós adquiren releve as de Rey Soto e Méndez Gaité. Rey Soto chámalle a Xan Plá «altísimo poeta, gloria de Galicia». E Méndez Gaité di que *A Tola de Covas* é un poema sin igual, «incomparable, arrebatador, hermoso» e ô seu xuicio, «lo más completo y grande». Fica dicindo que Plá é o Milton gallego.

* * *

Tamén no *Bar Cantábrico* de Vigo houbo xantar, n'agasallo ô notabre escritor de costumes Roxelio Riveiro, pol-a publicación do seu libro de contos *Fungueirazos* e pol-o éisito que conquireu derradeiramente c'o estreno no teatro dos xuguetes *O meu Alfredo* e *A Casa do Ciruxano*.

Oferceu o xantar D. Roxelio Andrade loubando ô chistosísimo anfitrión. Logo éste leu unhos versos festivos, que foron mui apraudidos.

Houbo moitas adesiós. Púxosell'un telegrama a D. Manuel Murguía, Presidente da Academia Gallega e outro á dona de Riveiro.

XURDE O GALEGUISMO

Novas Irmandades da Fala

ODÍA 15 do mes que agora fica, fíxose no Ferrol unha xuntanza que tivo por ouxeto constituire a Irmandade da Fala. Os boos e xenerosos reuníronse no local da gabada rondalla, orgulo da patria, *Airiños da miña terra*. Entre outros de quenés non nos lembramos agora, asistiron á xuntanza homes de tanto prestixio com'os señores Bidegain, Comellas, Seoane Pampín, Romero, Sánchez Hermida, Abelleira, Rodríguez (X), Ruíz Gómez, García (A) e Lorenzo. D'outras persoas sinificadas ricibíronse adesiós garimosas.

Todo-os reunidos estaban cheos d'entusiasmo fondo, dispóndose a traballar pol-a redenzón da nosa terra.

Elixeuse o seguinte Consello: Conselleiro 1.º D. Xaime Quintanilla (médeco); Conselleiro 2.º Sr. García Niebla (mestre do primeiro insino); Segredario-contadore, don Euxenio Charlón Arias; Tesoureiro, Doctor Cabo Pastor.

¿Non son unha garantía os nomes que

N. OURENSE

— LEMBRAND' O BARDO —

No Ateneo d'Ourense, verdadeiro niño de cultura qu'onora à nosa rexión, fixose un solene homenaxe de lembranza á Pondal. N'él autuaron os señores Vilarino, Fernández Alonso (que lêu unhas intresantes liñas feitas pol-o insine mestre D. Andrés Martínez Salazar), o vicepresidente da dita entidade ourensana, Sr. Cambón, D. Emilio Amor e D. Ceferino Palencia.

Pódese dicir que Galicia enteira ven rindindolle tributo d'admiración ó bardo. Esto énchenos de ledicia.

Mais coma en todo hai luares, hóubooos tamén no acto de que falamos. Sincieros por vountade e por obriga, temos que asiñalalos. Nosoutros erguémol-as nosas tendas mais aló da gabanza incondicional e do «bombo mútuo».

O señor Cambón, fixo un discurso onde ollamos desacertos. Outro fixo o señor Amor que pecca da mesma doenza.

O Sr. Cambón, veu dicire que conece pouco a obra de Pondal, e que é inxusta a nota de nacionalismo galego que se ll'aprica. Lêu, pra amostralo, algúns anacos do Hino *Os Pinos*.

Tamén dixo o Sr. Cambón que Galicia chegará à sua completa rehabilitación, mais non por procedimentos de rebeldía e menos aínda por «estridencias de linguaxe» (¿mainamente, lambendo mans?)

O Sr. Amor, pol-a sua parte, manifestou que Pondal era un dos galegos mais enxebres, inda que non puidera librarse do influxo do castelán, e que coma poeta «senon realizaba a lei da variación, cumpría a da conservación».


Pol-o que fai ó Sr. Cambón, temos que dicir: «A confesión de parte»... Ten razón, abofé. Non conece a obra de Pondal. ¿Pra que fala, pois, de cousas que non sabe?

¿Que anacos do Hino *Os Pinos* ollou o Sr. Cambón? Lémbrese d'estes versos:

Non des a esquecemento
Da inxuria o rudo encono...
A redenzón da boa.
NAZÓN DE BREOGÁN

Se por ti mesma libré
d'indina servidume

A nobre Lusitania
Os brazos tende amigos
Ós eidos ben antigos
Con un puxente afán;



† EDUARDO PONDAL

E cumpre as vaguedades
Dos teus soantes pinos,
D'uns máxicos destinos,
Oh grey de Breogán.

Amor da terra verde,
encende a raza briosa
d'Ousinde e de Froxán.

Que á nobre prole insinen
fortísimos acentos

Mais os robustos ecos,
Que ¡oh patria! ben recordas.

Estima non s'alcanza
c'un vil xemido brando.

¿Non é nazonalista un hino no que se fala de nazón e de patria. ¿No que se lembra à Lusitania coma irmá de raza e de língoa? ¿Non aconsella por outra parte, o bardo que dispoñámol-o peito para o «intrépido combate?» ¿Non lles di ás fillas de Breogán que insinen ós seus fillos «fortísimos acentos?» ¿Non recomenda que non deamos a esquecemento da inxuria o rudo encono, pra que desperte e se redima a NAZÓN GALEGA?

Fica, pois, no paradóxico, o Sr. Cambón, loubando a Pondal sen conecelo e dende logo *sin sentilo*. E como si nos funerales d'un católico autuase o gran Rabí.

O Sr. Amor, tamén saíu do camiño verdadeiro. ¿Dicir que Pondal non se puido libertar do influxo do castelán! ¿Dicir que non realizou a lei da variación!

Pondal, humanista, cheo de conecimentos do grego e do latín, n'estes dous idiomas pousou sempre os seus ollos pra escribire. Pondal, por esto e por mais aínda, foi o poeta «úneco», o soyo poeta orixinal, orixinalísimo, que houbo na España contemporánea. Con vere *Queixumes dos Pinos*, abundan verbas. Foi na poesía o que Wagner na música.

Fala da necesidade que témol-os galegos d'unha patria; dános a minsión outa da nosa raza que ten d'ollar á Lusitania e á América.

*A luz virá para a caduca Iberia,
Dos fillos de Breogán.*

«Non sigas os hispánicos políticos pigmeos, non olvides ¡oh fortel os galaicos intentos (a Frouseira, Carral)».

De todo esto que é nazonalismo enxebre, di moito Pondal. E inda ergue o soño d'unha hexemonía dos fillos da nosa raza cando fala d'aqueles, sedentos de futuro (os portugueses) que levan o ideal nos fortes peitos e con nosco parten os bos campos ibéricos séndonos somellantes no sonoro acento, no garrido falar...

Nin Cambón nin Amor, comprenderon ó bardo. Pensando e falando en castelán non é posibel comprendelo, e menos aínda iñorando suas obras. E perciso falar e pensar

en galego pra enxerguer ós mestres da nosa língoa.

A língoa tiveran,
por língoa d'escravos;
esqueceran os patrios acentos...

...
Dos propios acentos
tiveran vergenza.

...
Deixaran os doces
acentos xocundos,
por estranas palabras de servos.

...
A nai afrixida,
na escura miseria,
ós propios tomara
por xente extranxeira:
e espantada escutara dos fillos
a plática serva.

Sintímolo pol-o Ateneo d'Ourense, entidade culta, simpática, que é gloria e onore de Galicia. Pro o Ateneo non son dous ateístas.

...Fungan os pinos que ouira o bardo. Nos entendémola a súa voz; atendemos, boos e xenerosos, seu ronco son. ¡Xa sabedes que deixou dito Pondal pra quenes non o entenden!...

~~~~~  
A NOSA TERRA non regala un soyo exemplar. Dend'o director y-os redatores até o administrador e axudantes, todos pagan o custo de suscripción.

Os que queiran sere colaboradores han selo tanto literariamente coma económicamente.

(2) Folletón de A NOSA TERRA

## Consideración sobre a fala galega

POR M. G. B.

que, por ser expresión do íntimo e sustantivo da personalidade individual e colectiva, a mentalidade, compon unha das suas notas mais diferenciadas e específicas, e con razón cóntase entre os mais fortes vínculos socias, entre os factores mais activos e os mais poderentes sostés dos pobos e das nacións. Referímonos á fala.

\* \* \*

A fala galega ten un pasado moi glorioso, que conforta e magóo o noso corazón xuntamente. Houbo un tempo—o século XIII e boa parte do XIV—no que, o agora esquencido e mal apreciado idioma galego, sirveu d'istrumento escrusivo á inspirada e abundosa lírica d'unha grande parte da Iberia: entón os sabios príncipes, os doces e sinxelos poetas, os vagorosos trovadores d'aqueles frorecentes reinos, no hacharon, fora do provenzal, idioma tan propio e esgrevio coma él pra espresaren as concepcións xenias do seu número. Mais o sistema político, centralista e unitario, que pouco despois apoderouse de Castela, non quería ademitir ningunha diversidade idiomática no estado español. Uuha moi variada

A NOSA TERRA non é un boletín máis, é o único boletín galego, en galego e pra galegos.

E o soyo evanxelio da redención integral da Patria abafada y escrava.

A única escola práctica e teórica de galeguismo. Nobre idearium d'unha Hirmandade enxebre.

Quen non axude a erguer A NOSA TERRA, cada día mais percisa non será bon galego.

~~~~~

Peneirando...

En Madri estrenouse unha zarzuela nomeada «El Tesoro.» N'ela hai un persoaxe bufo: a ese persoaxe chamábaselle *Vasconcellos*.

Ó sabelo algús xornalistas de Lisboa pensaron en facer outra zarzuela na que o protagonista levase o nome de *López Muñoz*.

Enteráronse os autores d'«El Tesoro» e trocaron o apelido *Vasconcellos*, pol-o de *Carballeira*.

¿Era perigoso aldraxar ó portugués? Pois eiquí que non se peca: aldraxemos ó galego.

O de sempre. ¡Fala D. Pedro Seoane de que en Galicia non pode sentírese o separatismo porque hai galegos en todol-os xornás e oficinas de Madri!

¡Como si estes galegos desleigados non houberan perdido a carta de nacionalidade da nosa patria natural!

* * *

O «Orfeón Gallego» de Lugo, en Santiago... Recibimento a Rey Soto n'Ourense.. Homenaxe a Pondal, no mesmo pobo...

Agasallos en Lugo e Compostela ó novo bispo P. Plácido... Certáme cacequista, festival d'agasallo a Charlón e Hermida, proyeito de erguer un monumento a Concepción Arenal, todo esto no Ferrol... «Airíños da miña terra,» dando concertos pol-os pobos... Festa de lembranza a Saíd Armesto, en Pontevedra... Xantar a Xan Plá en Trives... Xantar a Riveiro en Vigo... Campaña pol-o tranvía elétrico entre Compostela e a Cruña (¡Quén sabe si os iniciadores inspiráronse n'un artigo de A NOSA TERRA!..)

¿Todo esto parece moito, n'ê certo? Y-e pouco, n'oustante. Porque lle falla alma; fállalle espírito; concencia. O que paseniña mente imos sementando os Amigos da Fala.

* * *

En Cataluña houbo unha asamblea de forzas republicanas con representación de todol-os pobos d'aquela terra. Ollamos unha folla na que s'insertan radicás temas das ponencias.

Todo escrito no catalán.

De maneira que non son somente os da Lliga quenes defenden e queren o idioma de Verdaguer. Son todol-os catalás: da dereita, da esquerda e do centro.

¡Ai, galegos, canto temos d'adeprender!

* * *

E Correa Calderón, este rapaciño lugués que vai pra escritor de renome, porque val moito, publicou unha crónica no culto xornal que dirixe o gran xornalista Vega Blanco, falando de nosa literatura.

Doise de que sexan poucos os que escri-

poesía do pobo e un brillante renacemento contemporáneo d'aquela literatura gloriosa fan ver as calidades d'esquisita fermosura q'este vello idioma atesoura. A crítica documentada e intelixente teno por doce, rico e propio pra totalas manifestacións literarias. Mais todo foi labor perdido; non por eso deixa de comprendérselle no xuício xeneral que se fai sobre o que ten igual orixe. O mesmo pol-os propios que pol-os alleos, esta fala que tan axiña progresou, tenra, sinxela, melosiña e nobre, foi tida como cousa d'un pobo torpe e iflorante. O mesmo pobo, qu'en edades pasadas a formou, traducindo n-ela a súa alma, a sustancia do seu ser, tamén a trata con indiferenza e avergónhase d'usala pra comunicar as suas ideas e afectos. Este é un feito verdadeiro e grave pra que poida seguir vivindo a nosa fala, e d'esto deben ocuparse os que queiran contêr o decaimento que agoira unha compreta ruina.

Da Galicia vilenga desaparece empuxada pol-o idioma oficial. Nas cidades e vilas xa non se usa senon entre as xentes obreiras; as demais pensan que a lingua do Rei Sabio, na que compuxo as *Cántigas a Santa María*, non deben d'empregala en de xamais, sobre todo diante do público, pois coidan qu'eso non é propio de xente ben criada. En situacións en que interveñan persoas de certa categoría social, sería un tido por mal criado e pailan, e daría grande escándalo quen practicamente ousara oponerse a tan desleigada preocupación. (1) Falar na lingua de

Castela ven sendo unha sinal de distinción e d'urbanidade. Resínesa a esto quen non queira ser tido por home labrego.

D'un modo particulare, entre as donas (nas que toda cousa sin peso e mail-a *cursilería* teñen achego) e custión de non resistir a mais pequena oposición a este prexuício. ¿Non son inconciliabres a fealdade e a fermosura, a tosquidade e a sinxeleza, a sosainidade e a gracia? ¿Non deixarían de ser bonitas, feituquiñas, graciosas a dona distinta, a pálida señoriña artesana, a moza obreira, se d'elas se sospitase que falaban en galego? E pra faceren entender que o non usan ¡en que ridículo se poñen, en que mexericadas caen a miúdo! Estrano é que non bafen o *snobismo*, nin rebaxe os atractivos e gracias das nosas fermosas mulleres a grande imperfeición con que adoitan falar o castelán, e que os lixen co'esas doces cadenzas, esas espresivas infleisiós, esas finas toalidades que dan á lingua musical de Rosalía Castro caracter tan oposto á recia e monótona da lingua oficial.

(Seguirá).

(1) O autor esquencese de que dende o ano de 1902 veñen representándose, na Cruña, no Ferrol e n'outros pobos obras dramáticas serias, con grande aprauso do público. Cando os mitos dos solidarios fíxose uso do galego n'algúns vilas y-en moitas aldeas, con bos resultados para a propaganda; e nestes días os Amigos de fala, en Lugo, Ferrol e na Cruña, en conferencias a asambreas, falan en galego, sendo escoitados con entusiasmo e agarimo. Temos que reconocer que neste sentido adiantouse moito. (Nota da Redacción).

ben no galego. E dí: «Deberan os grandes escritores galegos escribir en noso idioma, que dimpois xa viría a xuventude a axudarlles.»

Mui ben, amiguíño. Inda non se decatou abondo do patriotismo que acochan suas verbas.



A artista de *lieder*, Jakouska, cantou en Barcelona cousas catalanas; pensa cantar cousas bascas en Baskonia.

En Galicia non cantou cousas galegas. E todo porque naide llas pide. ¡Poderíannos chamar *cursis!*



O *Ideal Gallego* di que pra que poida vir Cambó a Galicia, teñen de facerse organizacións de non sabemos qué.

No próisimo número enteirarémolo do que non conece. E cóstelle que as «Irmadades da Fala» fan mais que cultivalo idioma. Veñen propagando un rexionalismo integral: O nazonalista. No que non s'admiten, como dixo Porteiro, os detritus dos partidos políticos.

¡E coida aquel colega que non é preciso falar en galego pra ser rexionalista: Pergúntello a Cambó e verá como Cambó mándao a... paseo.

E agarde soyo dez datas, que xa lle farémolo recramo. ¡Fora caretas!



Verdadeiramente, Xan Plá e Roxelio Riveiro,—y-elo alégranos—tiveron mais sorte que o segredario da Academia Gallega, don Euxenio Carré Aldao. Este leva feitos libros de moito intrés pra Galicia, que teñen sido gabados pol-a crítica de toda España; estreñou fai poucas datas en Lugo, con éisito, a obra *Sacrificio* e coma premio, ningún xornal da Cruña dixo nada do estreno.

Os comerciantes, industriás e libeiros

A circulación cada día mayor de A Nosa TERRA, da que podemos dare cheos d'orgullo datos a cantos decésemos, ten de facerlles pensar ós anunciantes. Estes veñen remiñíndonos recramos pra publicar, de maneira espontánea.

Non hai cibdade nin vila d'algunha importancia en Galicia, onde se deixe de ter o noso boletín. Tamén se lè n'outras moitas provincias d'España e n'as Américas e Portugal.

A nosa prana d'anuncios—feita porque se nos pideu pol-os intresados, pois non pensábamos publicar anuncios—vémonos obrigados a aumentala axiña. Séipano cantos teñen algo que anunciare e desexan que o anuncio fique no éisito.

NO FERROL

CHARLÓN E HERMIDA

ALGUÉN chamou a Charlón e a Hermida, os irmáns Quinteiro galegos. Quizais chegaran a selo si Galicia estivera *galeguizada* en estreita amizade con Portugal. O que son, dende logo, dous rapaces mui enxebres, mui patriotas, mui intelixentes e mui artistas que insinan á xuventude da nosa terra uno bóo camiño a seguire.

Charlón e Hermida, fan parrafeos teatrás que dimpois representan eles mesmo cu'nha vis cómica que envexaríanlles moito «consagrados.»

O nome d'entrambos rapaces xa é popular en Galicia. «Mal de moitos», «Trato a cegas», son xuguetes que fanrir as tripas e que téñense posto na escena en moitos pobos. Pro estes autores son a imáxe da modestia suprema. Son tamén homiños de poucos cartos. O pobo do Ferrol, pobo culto e mais enxebre que outros que teñen chufa de selo, quéreos sinceiramente. ¡Benia él!

E vede por onde Charlón e Hermida acaban de sere ouxeto d'un homenaxe xustísimo. Este homenaxe celebrouse no teatro Xofre e foi organizado pol-a *Dependencia comercial* ferrolana, a que publicou un chamamento en galego que mesmo daba xenio lèlo. Véxanse uns anacos:

«Queremos brindar unha festa de teatro en honor d'os nosos paisanos Charlón e mais Hermida que con tanto aquel saben recoller o xenio y-as costumes de campos e vilas pra dáno-las a conocer, pra que non se perdan, pra que non-os asañemos d'o qu'é noso e non-o troquemos pol-o alleo.

¡Quén de vosoutros non riu hastra estoupar de risa, c'a gracia d'ises dous enxebres que sin mais axuda qu'o xenio que Dios lles dou, escriben e logo parolan o qu'escribiron. indo de teatro en teatro recadando aprauso e gloria, pro sin engordal-o peto?

Quén non terá a gala dar seu trabuco pra que isos dous paroleiros d'estos lares galianos xunten unha anada de pesetas a mais d'as anadas d'aprausos?



Charlón e Hermida n'unha escea de «Mal de Moitos»

Porque, certo que non so mentes viven de pan os homes; mais sin pan non se vive...

Dinos son de premio e hai qu'agarimal-os, hai que sostel-os, hai que lles demostrar noso contento pra que non se cansen n-a loita de dal-a cara pol-as cousas de Galicia.»

¡Qué vos parece? A dependencia de comercio do Ferrol, sinteuse galeguista. A de Lugo tamén. Lembrémonos da festa que acaba de facer na que s'estreñou «Sacrificio» de Carré.

Esto debe amostrárese coma un bon síntoma. Porque a dependencia de comercio, clás entre obreira e burguesa, clás simpática que fai moito por cultivar seu espírito, pode sere e serayo en Galicia o que foi en Calaluña: a mais entusiasta fomentadora do rexionalismo.

Ende ben: Si fermosa resultou a festa enxebre de Lugo, fermosa resultou tamén a do Ferrol. Charlón e Hermida estrenaron seu novo parrafeo «Axúdate» facendo es-cacharrar de risa ós espeitadores.



FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

PEDIDE SEMPRE

CHOCOLATES BRANDARIZ

VENDENSE EN TODOL-OS COMERCIOS

D' ULTRAMARINOS

Enrique Brandariz y C.^a

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

CONTOS GALLEGOS**ASIEUMEDRE**

Pol-a cativa cantidá de dous reás podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**
Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO — VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

VIÑOS BRANCOS E TINTOS

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

HOTEL CONTINENTAL

Os «Previsores do Porvir»

SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 40 millóns de pesetas de aforro en doce anos

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., per Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.